

**PATRONS DE DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA EN GALICIA, 1997-2017**

Richard Daniel OLIVA DENIS

Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela  
([richarddaniel.oliva@rai.usc.es](mailto:richarddaniel.oliva@rai.usc.es)) (Teléfono: (+34) 602.620.382)

José Antonio ALDREY VAZQUEZ

Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela  
([joseantonio.aldrey@usc.es](mailto:joseantonio.aldrey@usc.es))

**Resumo:** Os movementos poboacionais foron decisivos na historia e no desenvolvemento socioeconómico de Galicia. A distribución espacial da poboación estranxeira nun territorio disperso, onde predomina o carácter fragmentado da propiedade da terra, pode ser determinante tanto para unha contorna urbana que tende a concentrar a este grupo poboacional como nos espazos fronteirizos e costeiros onde teñen unha maior representación relativa. Santiago de Compostela, como único municipio de máis de 50.000 habitantes con crecemento positivo da poboación -durante os períodos avaliados-, representa un interesante caso de estudo sobre un fenómeno eminentemente urbano.

**Palabras claves:** Inmigración, Estranxeiro, Galicia, Santiago de Compostela, Territorio

**PATTERNS OF TERRITORIAL DISTRIBUTION OF THE FOREIGN POPULATION IN GALICIA, 1997-2017.**

**Abstract:** Population movements have been decisive in the history and socioeconomic development of Galicia. The spatial distribution of the foreign population in a dispersed territory with a fragmented land ownership can be crucial both for an urban environment that tends to concentrate this population group and for border and coastal areas where they have a significant representation. Santiago de Compostela, as the only municipality of over 50,000 inhabitants with a positive population growth during the periods evaluated, represents an interesting case study on an eminently urban phenomenon.

**Key words:** Immigration, Foreign, Galicia, Santiago de Compostela, Territory

### 1. Introducción e antecedentes teóricos

Os aspectos económicos foron as variables estudadas para explicar a distribución territorial dos inmigrantes en Galicia (Lamela, *et. al.*, 2005; Hernández Borge, 2007; Aldrey *et al.*, 2008; Gonzalez Pérez, 2008). Aqueles asentamentos economicamente máis dinámicos, orientados e con capacidade de xerar emprego e os espazos fronteirizos con Portugal, van constituír os lugares de acollida máis atractivos para os inmigrantes. Territorialmente, isto tradúcese nunha tendencia á concentración en espazos urbanos e periurbanos, en virtude do peso das actividades industriais e de servizos como xeradores de emprego.

Aldrey *et al.*, (2008) sinalan como se orixina unha ocupación desigual do territorio que se distribúe preferentemente na Galicia occidental, no denominado eixo atlántico. Retómase a idea da "*existencia das "dúas galicias" dos campos económico e demográfico tamén no migratorio*" (González Pérez, 2008:264). Así mesmo, a inmigración pasa de ter un carácter puntual a dispoñer dunha ampla difusión territorial (Aldrey, *et. al.*, 2008), porén, exceptuando aqueles espazos fronteirizos e costeiros, o fenómeno inmigratorio en Galicia é un feito urbano.

A nivel inframunicipal, o acceso á vivenda e os aspectos que a determinan -prevalecendo o prezo da vivenda sobre outros aspectos como a accesibilidade ao traballo e o confort ambiental- son variables determinantes na localización urbana da poboación estranxeira (Capel, 1997; González e Somoza, 2004; Nel.Lo, 2007; Fernández-Huertas *et. al.*, 2009). Este feito implica observar dinámicas residenciais e as características do mercado da

vivenda, así como anticipar o impacto do fenómeno migratorio sobre a sociedade perante posibles conflitos entre grupos diferenciados (Borjas, 2013).

Coa intención de complementar e valorar a vixencia destas afirmacións, o presente artigo recolle un conxunto de reflexións en torno á análise histórica do stock de inmigrantes. Nun primeiro apartado avalíase a dinámica dos municipios que conforman a comunidade autónoma de Galicia para despois adentrarse na análise da área urbana funcional de Santiago de Compostela.

## 2. Distribución territorial do inmigrante en Galicia

O obxectivo do presente apartado é corroborar as afirmacións teóricas que definen a inmigración como un feito urbano e profundar na análise de como se organiza a poboación nacida no estranxeiro sobre o actual sistema existente, avaliando a súa posible incidencia sobre a dinámica destes espazos. Para iso, preténdese analizar a distribución e cambios demográficos dos municipios galegos durante os últimos 15 anos, correlacionándoos con aquelas posibles variables económicas que os determinan.

### 2.1 Situación actual

A distribución da poboación nacida no estranxeiro, de xeito parecido a como ocorre coa poboación nacida en España, tende a se localizar ao longo do eixo atlántico e a se concentrar nas cidades máis poboadas da Galicia Interior.




Figura 1. Concentración da poboación nacida no estranxeiro 2016. Fonte: elaboración propia en base aos datos obtidos no INE

Para o ano 2016, os municipios con máis de 50.000 habitantes van concentrar o 44,2 % da poboación estranxeira, que, comparada coa poboación autóctona, atópase 7 puntos porcentuais por enriba dela, o que indica un maior grao de urbanización deste colectivo<sup>1</sup>.

A inmigración é un feito urbano, porén, non se debe subestimar a presenza destes colectivos no resto do territorio, dado que nos espazos fronteirizos e en amplos sectores costeiros teñen unha maior representación relativa sobre o total, podendo condicionar comportamentos e pautas sobre estes lugares (ver anexo 1). Deste xeito, nos municipios que experimentaron algún crecemento durante os últimos 15 anos, este estivo protagonizado en gran medida pola chegada de poboación nacida no estranxeiro.

## 2.2 Dinámica demográfica

Para sintetizar patróns temporais na inmigración defínense os seguintes períodos<sup>2</sup>: -centrarémonos nas etapas máis recentes, dado que ademais de ser os máis influentes, son os que nos permiten analizar a información dispoñible no INE-

- i. *Inicio do auxe migratorio estranxeiro, unha década prodixiosa (1997-2007).*
- ii. *Inmigración e crise económica (2008-2012).*
- iii. *Saldo migratorio negativo, delicado escenario demográfico? (2013-2016).*

### 2.2.1 Inicio do auxe migratorio estranxeiro, unha década prodixiosa (1997-2007)

Con anterioridade a 1996, a inmigración tivo unha escasa incidencia en Galicia, agás espazos fronteirizos con Portugal, onde por lazos de proximidade esta foi tradicionalmente notable.

Durante este período que se inicia en 1997, os asentamentos que van captar unha maior porcentaxe de poboación serán aqueles que -coincidindo coa área de influencia das grandes cidades e influenciada polo modelo atlántico- van canalizar o proceso de suburbanización, dado que espacialmente, os municipios con maior dinamismo vanse atopar nos arralbades das grandes cidades, destacando de maneira puntual o caso de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (Ferrás e Lois, 1993) (véxase o anexo 3).

Os municipios que concentran menor poboación -lonxe do eixo atlántico e das grandes urbes e que, en xeral, forman parte da Galicia interior- van experimentar unha regresión demográfica importante, xa que o 85% dos 265 municipios que se sitúan por debaixo dos 10.000 habitantes perden poboación. No seu conxunto, estes municipios perden máis do 5% da poboación que representaban.

Se ben é certa esta tendencia, debemos sinalar un comportamento desigual para a poboación autóctona en relación á nacida no estranxeiro, tanto para os municipios con maior tamaño como naqueles situados no interior. A poboación nacida en España vai ver reducida a súa participación nos principais núcleos para se concentrar naqueles municipios que oscilan entre os 50.000 e os 10.000 habitantes. En contraste, a inmigración internacional vai ver aumentada a súa representatividade nos núcleos con máis de 50.000 habitantes, ademais de ter un carácter máis expandido en todo o territorio, aumentando o seu tamaño en case o 90% os municipios en Galicia.

---

<sup>1</sup> Cómpre destacar, que xa antes do auxe migratorio podemos identificar esta característica. Namentres que, no ano 1996, o 30% da poboación nacida en España se concentra nos principais municipios con máis de 50.000 habitantes, esta cifra elévase ata chegar ao 39% del total no caso dos nacidos no estranxeiro.

<sup>2</sup> Tómanse como referentes os fluxos migratorios obtidos (ver anexo 2).

Deste xeito, os municipios con maior poboación absoluta -agás Lugo e Pontevedra que si ven aumentada a súa participación española e Ferrol, que decrece para ámbolos dous grupos- van soste o seu incremento en base á poboación estranxeira. Nos 7 principais municipios vaise conseguir duplicar a poboación estranxeira inicial, constituíndo en termos absolutos, o eido espacial con maior dinamismo deste grupo poboacional.

Así mesmo, nos municipios con menor representatividade poboacional, os nacidos no estranxeiro van soste un lixeiro crecemento puntual nalgúns municipios, porén, a súa influencia en termos xerais é insignificante -só 7 dos 256 municipios con menos de 10.000 habitantes teñen unha dinámica demográfica positiva grazas á poboación estranxeira-, destacando unicamente casos puntuais na fronteira con Portugal e a franxa costeira da Mariña lucense.

### **2.2.2 Inmigración e Crise (2008-2012)**

A dinámica poboacional descrita ao longo do período anterior mantense dominante, sendo aínda máis evidente a importancia do eixo atlántico para manter o crecemento dos municipios -ao continuar a tendencia de redistribuír a poboación nos municipios achegados ás grandes cidades- nunha época onde a poboación se chega a reducir (ver anexo 4).

Deste xeito, os municipios con máis de 10.000 habitantes van aumentar a súa representatividade nun 3%, ao pasar a conter o 70% da poboación en Galicia. Os municipios alleos a esta dinámica, con poboación menor a 10.000 habitantes, van ver reducida a súa participación en máis de 35.000 persoas, o cal representa unha perda de case un 4% en catro anos.

No interior de Galicia vai existir unha tendencia da poboación a se concentrar en cabeceiras municipais. Deste xeito, Monforte de Lemos, Sarria, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras e O Carballiño van aumentar a súa poboación nun contexto que tende ao abandono. Así mesmo, cómpre recoñecer certo crecemento nos municipios limítrofes con Portugal -Verín e Ombra- e na costa Noreste -Viveiro, Foz, Ribadeo e Burela-, os cales van seguir a súa andaina positiva grazas, en parte, á poboación nacida no estranxeiro.

En canto á variación por orixe, a poboación autóctona vai aumentar a súa representación nos municipios que oscilan entre 50.000 e 10.000 persoas, namentres que a poboación nacida no estranxeiro vai seguir aumentando o seu número en todos os eidos estudados, pero vai desenvolver un carácter máis selectivo no territorio, empezando a evidenciar certos municipios con tendencia negativa no interior sur de Galicia (ver anexo 5).

Os principais municipios que concentran poboación van seguir mantendo un balance positivo grazas á inmigración internacional, cuxa importancia durante este período é máis que evidente, aumentando a súa participación novamente nos 7 municipios que a compoñen, porén, o crecemento total é leve, sendo Lugo, Santiago e Pontevedra os únicos en superar o 1% de crecemento, namentres Ferrol vai seguir a súa andaina decrecente ao minguar un 4% sobre o seu total.

### **2.2.3 Saldo migratorio negativo, delicado escenario demográfico? (2013-2016)**

A entrada nun escenario negativo vai condicionar a distribución territorial e, como consecuencia, o patrón observado nos anteriores períodos vai dar un importante cambio. Así, a meirande parte dos municipios van ver decaer a súa poboación, agás certos municipios, adxacentes aos grandes núcleos urbanos de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.




Figura 3. Dinámica demográfica entre os períodos 2012-2016. Fonte: elaboración propia en base aos datos obtidos no INE

As grandes áreas metropolitanas van sufrir un retroceso agás Santiago de Compostela, cuxo incremento é máis simbólico ca representativo, dado que mantén un saldo positivo de case 300 persoas, que implica só un 0,3% en 4 anos. Vigo, Ferrol, A Coruña e Vigo –nesa orden de perdas- son os municipios que maior impacto negativo presentan, acumulando entre eles máis de 12.000 persoas.

Os municipios do interior de Galicia van albiscar un escenario complexo, dado o decrecemento de practicamente a totalidade destes espazos, incluídas aquelas cabeceiras municipais, espazos fronteirizos e municipios costeiros que viñan mantendendo un crecemento positivo.

A variación relativa para ámbalas dúas orixes é preocupante, sendo a poboación autóctona a que mantén un comportamento de decrecemento sostido, cuxa distribución nos municipios próximos ás grandes cidades vai ser máis leve en comparación cós períodos anteriores. A poboación estranxeira vai adoptar un comportamento desigual, amosando importantes contraccións negativas, onde algúns municipios ata chegan a perder máis dun cuarto da poboación deste grupo (ver anexo 6).

### 2.3 A explicación económica do crecemento demográfico

Existe unha estreita correlación entre o Produto Interior Bruto en termos absolutos e a poboación total, dado que aqueles municipios con maior PIB tamén van aglomerar a maior cantidade de persoas. Ao correlacionar mediante o Coeficiente de Pearson o PIB en miles co número de persoas que viven en cada municipio obtense un índice por enriba de 0,95.

A distribución da riqueza avaliada a partir do PIB por habitante dificilmente permítenos corroborar patróns máis aló do feito de soste de maneira puntual o crecemento dalgúns municipios nos arrabaldes das grandes cidades e no interior de Galicia. Desta maneira, os municipios que máis crecen non necesariamente dispoñen do PIB por persoa máis

elevado. Este feito pódese explicar coa separación de actividades -traballo e residencia- e na diferenciación social, o que implica que a poboación residente nun municipio dado poida obter os seus ingresos noutro e os grupos socio-económicos semellantes tendan a se concentraren.

En canto ás taxas de ocupación rexistradas para o ano 2011, hai unha lixeira correlación coas diferenzas demográficas entre os anos 2007-2012, a cal é máis evidente para a poboación autóctona (coeficiente do 0,56) ca para a estranxeira (Coeficiente del 0,21). Ao segregarse por tamaño de municipios, podemos sinalar unha maior relación entre a poboación ocupada e a súa dinámica demográfica obtida, dado que aqueles con menor Taxa de Ocupación coñecen un descenso da súa poboación ou mantén un crecemento lento.

Ao observar o número de afiliacións por actividade, podemos sinalar a importancia das actividades de servizos para a mobilidade laboral e manter á poboación na sociedade postmoderna. Deste xeito, e moi relacionado co PIB, aqueles municipios adicados preferentemente á actividade de servizos van organizar a concentración da poboación e obter a meirande parte das novas afiliacións.

### **3. Distribución inframunicipal da poboación estranxeira en Galicia. O caso da área urbana funcional de Santiago de Compostela.**

Neste apartado realízase unha aproximación metropolitana e inframunicipal dos inmigrantes. O obxecto de análise será o único núcleo con máis de 50.000 habitantes que tivo un crecemento positivo ao longo dos períodos estudados, incorporando aos municipios da súa área de influencia que constitúe a *Área Urbana Funcional (AUF) de Santiago de Compostela*<sup>3</sup>. Deste xeito, avalíase en conxunto a área conformada polos municipios de Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Oroso, Padrón, O Pino, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

Para iso nun primeiro momento retómanse as ideas centrais sobre a súa composición e evolución histórica, para posteriormente analizar a súa distribución e caracterizar os elementos que definen a vulnerabilidade dende unha perspectiva económica, social e física.

#### **3.1 Composición do inmigrante**

Para o ano 2016 as persoas nadas no estranxeiro chegan a 15.494 habitantes, unha cifra -tres veces superior á do ano 1996- que permitiu ao inmigrante pasar de representar o 3,0% ao 7,8% da poboación total. Como era de agardar, gran parte deste crecemento desenvolveuse na década que culmina no ano 2007, cando se chega aos 12.546 habitantes,

---

<sup>3</sup> O municipio, os distritos e as seccións censais van representar ás principais unidades de análise para a Área Metropolitana de Santiago de Compostela.

A delimitación da área en estudo realízase en base á Área Urbana Funcional de Santiago de Compostela delimitada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), para o cal, acadado no Proxecto Europeo Urban Audit, dirixido pola Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG-REGIO), tómase como referencia os desprazamentos de residencia-traballo como principal parámetro para a súa definición (EUROPEAN UNION 2016:9). Así mesmo, contemplouse a caracterización das áreas urbanas galegas realizadas por ALDREY et. Al. 2005, na cal se recoñece gran parte dos municipios que o anterior estudo delimita.

para logo manter un lixeiro aumento sostido ata o ano 2012 chegando a 15.626 habitantes e posteriormente sufrir un lixeiro descenso durante os anos 2013, 2014 e 2015.

A súa composición por orixe defínese principalmente polo continente latinoamericano, o cal, representando o 55,75% deste grupo poboacional, atópase catro puntos porcentuais por enriba da media para Galicia. Os países da Unión Europea (UE) manteñen unha importante presenza pero por debaixo da media en Galicia, situándose un 25%, por diante da Europa non Comunitaria (ENC), África e Asia.

Ao observar a composición ao nivel de países, Venezuela é -con 16 de cada 100 estranxeiros- o país máis representado na área de estudo, seguido de Arxentina -con 10 de 100 habitantes- e Brasil -7 de cada 100- que reflicten a importante presenza do continente latinoamericano. Cabe destacar a baixa presenza dunha comunidade Suíza moi representativa para a Provincia de A Coruña (e froito na súa meirande parte da presenza dos fillos dos inmigrantes temporais galegos cara ese país), pero irrelevante no contexto de estudo, ademais, do posicionamento da República Dominicana entre as 10 principais nacionalidades.

### **3.2 Evolución demográfica municipal**

A pesar de ser o único dos municipios con máis de 50.000 habitantes en manter un crecemento positivo ao longo dos períodos estudados, Santiago de Compostela non é alleo ao proceso de redistribución da poboación nos municipios próximos. Evidénciase un modelo de organización metropolitana que en base á separación e distribución espacial das actividades de residencia e traballo (HARVEY, 1989) exténdese polo seu territorio máis veciño, adoptando un proceso de suburbanización.

Deste xeito, os municipios adxacentes van ser os espazos máis dinámicos, destacando particularmente o caso de Ames, que sendo o eido de maior crecemento mesmo chega a dobrar a súa poboación -con respecto ao ano 1996- ata chegar aos 30.544 habitantes. Así mesmo, verifícase a tendencia da poboación a se situar en torno ás principais vías de comunicación que enlazan o eixo atlántico, condicionando a dinámica demográfica dos municipios de Teo e Oroso.

As dinámicas de crecemento da poboación nacida en España e aquela nacida no estranxeiro tenden a un comportamento levemente diferenciado. Namentres que os autóctonos consolidan o seu crecemento nos municipios adxacentes -principalmente en Ames- a poboación estranxeira organízase en torno ao núcleo central definido polo municipio de Santiago de Compostela e arredor do eixo atlántico, sendo este municipio, xunto con Teo e Oroso, os únicos en manter un crecemento positivo -sobre este grupo poboacional- durante os últimos 15 anos.

O resto dos municipios, A Baña, Boqueixón, Padrón, O Pino, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra, van ter un crecemento negativo ao longo do período estudado, sen importar o feito de que incrementaran a súa poboación estranxeira, seguindo a dinámica xeral do territorio galego.

### **3.3 Distribución inframunicipal dos inmigrantes nados no Estranxeiro**

Ao analizar a distribución espacial dos inmigrantes en base ao coeficiente de Gini, podemos identificar unha tendencia á concentración expandida, dado o reducido índice acadado que para o inmigrante internacional no seu conxunto se sitúa en 2,2.




Figura 3. Distribución intramunicipal da poboación nacida no estranxeiro en base ao coeficiente Gini.. Fonte: elaboración propia en base aos datos obtidos no INE

Identifícase un primeiro corredor circundante ao casco histórico dentro do municipio de Santiago de Compostela. Deste xeito, os barrios adxacentes, Conxo, Campus Sur, Pontepedriña, Campus Norte e San Pedro, posiciónanse como os lugares dentro do municipio de Santiago de Compostela que acollen á poboación estranxeira. Nesta aproximación identifícanse dous puntos de maior intensidade no barrio de San Pedro con seccións censais onde o estranxeiro supera o 15% de representatividade sobre o total. O primeiro nodo ubícase arredor do parque de Belvís, namentres o seguinte punto confórmasse polas rúas –Rúa de Tomiño e Rúa do Home Santo- adxacentes á estación de autobuses.

Nos municipios dos arralbades, obsérvase un importante punto de aglomeración en Ames, o cal, situándose no núcleo de O Milladoiro, aproveita a súa proximidade a Santiago de Compostela para aglomerar -1.596 habitantes- máis do 10% de todo o colectivo do AUF de Santiago de Compostela. No mesmo municipio de Ames, pero sen dispoñer do grao de representatividade do nodo anterior, temos outro punto de concentración en Bertamiráns onde residen 1.107 persoas nadas no estranxeiro. Nesta mesma orde de ideas, albíscase certa tendencia a unha aglomeración en seccións puntuais nos municipios de Oroso e Brión, onde a poboación inmigrante posiciónase con máis do 10% da poboación total (ver anexo 7).

Un aspecto interesante a avaliar é a composición por orixe, dado que os municipios con maior coeficiente de Gini non necesariamente representan os sectores de maior aglomeración por continente de procedencia, o cal invita a pesar que os factores de



localización responden ás características propias do lugar que son igualmente atractivos para diversos grupos de inmigrantes. Porén, si é necesario acoutar diferenzas conforme ao lugar de orixe, dado que nacionalidades sen relación histórica con Galicia, representadas polo eido territorial da ENC -Oceanía e Asia tenden a dispoñer dun coeficiente maior -excedendo para os dous primeiros os 7 puntos-, que é moi probable que estean relacionados coas redes de inmigración e as barreiras culturais e lingüísticas.

Así, os nodos anteriormente mencionados compóñense principalmente por poboación de orixe latinoamericano, pero o seu dominio é cuestionado en determinados puntos onde si se concentran persoas procedentes da ENC. Este último feito non se evidencia concretamente naquelas zonas con máis inmigrantes, o que permitiu á ENC representar o 80% da poboación nacida no estranxeiro de maneira puntual nalgunha delas.

### **3.4 Análise de vulnerabilidade social urbana**

A continuación aválanse as características das zonas ocupadas polos inmigrantes, en base a unhas series de variables extraídas do censo de poboación e vivenda do ano 2011. As devanditas variables organízanse en torno á análise a realizar, desagregando no nivel social, na situación demográfica e familiar e nas condicións de habitabilidade das seccións censais que compoñen o AUF de Santiago de Compostela.

Podemos destacar un comportamento diferenciado conforme ao lugar que ocupan as seccións censais no AUF de Santiago de Compostela. Deste xeito, as cualidades que definen socialmente á poboación no núcleo central difiren daquelas situadas na periferia, dado que as variables asociadas directamente ao emprego -situación laboral, poboación inactiva-porcentaxe de poboación parada e baixa taxa de actividade feminina- teñen un comportamento negativo nas seccións afastadas, namentres que nos municipios de Santiago de Compostela, Ames e Brión, a pertenza da vivenda en alugueiro e a dispoñibilidade de segunda vivenda é maior.

Como era de esperar, a poboación nacida no estranxeiro concéntrase nas seccións con maior porcentaxe de vivendas en alugueiro. Deste xeito, 5 das 7 seccións que dispoñen de máis do 30% do seu stock inmobiliario en alugueiro contan con alta representación de inmigrantes, mesmo acadando unidades espaciais arredor do Parque de Belvís -ao sureste- onde a representatividade desta modalidade chega a máis do 40% das vivendas. Este feito implica unha serie de particularidades dados os constantes movementos residenciais, que en base á percepción de inestabilidade e o menor sentido de pertenza pode repercutir na identidade do lugar, creando unha tendencia ao abandono e xeración de barrios vulnerables.

Os condicionantes laborais afectan de maneira semellante tanto aos autóctonos como aos estranxeiros porque, malia que é certo que catro das 10 seccións con taxa de paro maior do 20% concentran poboación nacida no estranxeiro, os datos non son determinantes nin se observa un patrón evidente. Nunha primeira aproximación, o comportamento da porcentaxe de poboación inactiva, a taxa de actividade feminina e o nivel de estudos é independente da orixe, evidenciándose unha tendencia relacionada máis co grao de centralidade das seccións.

A composición do núcleo familiar e do fogar difire entre as seccións con maior centralidade daquelas situadas na periferia. Namentres que aquelas próximas ao municipio de Santiago de Compostela contan con maior proporción de fogares unipersoais, aquelas afastadas do núcleo amosan unha media de idade maior, derivando

nunha superior taxa de dependencia anciá que chega a acadar o 0,75 nas seccións máis afastadas de Brión e Oroso. Así mesmo, obsérvase un maior desequilibrio entre xéneros en favor da muller, destacando ata 9 seccións pertencentes ao municipio de Santiago, onde 60 de cada 100 habitantes son mulleres.

Entre a distinción por orixe, podemos sinalar que as seccións con maior proporción de estranxeiros teñen unha media de idade menor -5 das 6 seccións cunha idade menor a 35 anos concentran poboación estranxeira- en virtude dun conxunto de seccións situadas en Ames cuxo índice de dependencia atópase definido por unha poboación moza que chega a entre 20 e 40 persoas por cada 100 habitantes. Por outra banda, 4 das 6 seccións cunha porcentaxe de fogares unipersoais maior do 40% concentran nados no estranxeiro e estas -5 das 6- sitúanse dentro do municipio de Santiago de Compostela.

O resto das variables avaliadas -desequilibrios entre xéneros, porcentaxe de núcleos monoparentais, porcentaxe de núcleos de familia numerosa- denotan un comportamento independente da procedencia da poboación, estando subordinadas a pautas de localización xerais. Neste senso, cómpre sinalar que o nivel de segregación dispoñible para avaliar os núcleos monoparentais e as familias numerosas non permite precisar a súa localización máis aló do distrito censal.

#### 4. Conclusións e discusión

No eido espacial, Galicia é tamén un territorio singular. O sistema tradicional minifundista baseado no valor de uso dunha sociedade pre-industrial configurou unha lóxica territorial dispersa, un sistema que relaciona sete núcleos centrais -con máis de 50.000 habitantes- con numerosos asentamentos de baixa densidade poboacional. Esta lóxica de ocupación deixa de ter sentido para unha sociedade post-industrial, que durante o período estudado desenvolveu un proceso de suburbanización.

A poboación nacida no estranxeiro non é allea a este fenómeno de redistribución en municipios dos arralbades dos principais núcleos urbanos, porén, este grupo poboacional aumentou a súa presenza nos municipios con máis de 50.000 habitantes. Este feito pódese relacionar cunha maior vulnerabilidade da poboación inmigrante ante un escenario económico negativo (Golías, 2016), así como o seu menor impacto sobre o sector terciario que implica un menor descenso no número de afiliados en comparación con outro tipo de actividades (Hernández Borge, 2016).

As características do mercado da vivenda parecen ser determinante para a poboación estranxeira. A maior oferta de vivenda en alugueiro relaciónase directamente co número de inmigrantes, o que unido á proximidade ao centro de actividades e servizos, poden explicar o establecemento dun cinto circundante ao casco histórico dentro do municipio de Santiago de Compostela. Dentro deste fenómeno -e se ben é certo que é preciso unha análise detallada das características do mercado da vivenda- non é posible afirmar un proceso causal, que relacione a inmigración estranxeira co aumento do prezo da vivenda en Galicia, como se afirma noutras comunidades autónomas (González e Ortega, 2008). Porén, é posible que a vasta oferta de vivenda teña un efecto parecido á substitución "*un por un*" da poboación nativa (Fernandez-Huertas et. al. 2011), o que implica que o aumento do prezo esté relacionado máis con aspectos especulativos ca co impacto que poida ter o inmigrante estranxeiro sobre a demanda.

De maneira complementaria, é posible destacar como os inmigrantes seguen aos autóctonos nas súas decisións de localización nos municipios de Brión e Ames (o menor prezo da vivenda e a maior oferta da mesma é determinante). Así mesmo, a análise por continente de orixe reflicte unha maior concentración por parte de certos colectivos.

## 5. Bibliografía de referencia

- ALDREY VÁZQUEZ J.A.; GONZÁLEZ, J.M. y SANTOS, X.M. (dir. 2008): *A inmigración estranxeira en Galicia. Identificación de comportamentos sociais e decisións territoriais a partir da opinión dos diferentes colectivos de inmigrantes*. Secretaria General de Emigración. Xunta de Galicia, pp. 289.
- ALDREY VÁZQUEZ, J.A., PAZOS OTÓN, M. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. VICENTE DÍAZ, J. (2005): "Caracterización de las Áreas Urbanas Gallegas en Función de los Flujos de Movilidad Obligada". *Cuadernos de Geografía* 88, pp. 219 – 234, València 2010.
- CAPEL, H. (1997): "Los inmigrantes en la ciudad. Crecimiento económico, innovación y conflicto social", *Scripta Nova. Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*, 3, [www.ub.es/geocrit/sn/sn-108.htm](http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-108.htm)
- FERNANDEZ-HUERTAS MORAGA, J., A. FERRER, Y A. SAIZ (2011): *Localización de los inmigrantes y preferencias residenciales de la población autóctona: ¿Nuevos guetos?*, mimeo
- FERNANDEZ-HUERTAS MORAGA, J., A. FERRER, Y A. SAIZ (2016): *Immigrant Locations and Native Residential Preferences in Spain: New Ghettos?*
- FERRAS SEXTO, C. Y LOIS GONZÁLEZ, R. C. (1993): "Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas. La estructura urbana de Santiago. ¿Un área metropolitana en proceso de formación?", *Papeles de Geografía*, 19, pp. 115-124.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J. M. (2008b): "La aparición reciente del fenómeno inmigratorio extranjero en Galicia. Características e impronta espacial", *Boletín de la AGE*, 48, pp. 247-275.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J. M., y SOMOZA, J. (2004): "Territoire et immigration en Espagne. Une étude de cas en Palma de Mallorca et León", *Cybergeo, Revue Européene de Géographie*, artículo 274 ([www.cybergeo.eu/index2440.html#texte](http://www.cybergeo.eu/index2440.html#texte))
- GOLÍAS PÉREZ, M. (2016): "Inmigración e crise en Galicia", en RECALDE FERNÁNDEZ, M. y SILVA DOMÍNGUEZ, C. (ed.): *Ser inmigrante en tempo de crise: Unha ollada multidisciplinar*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2007): "Inmigración extranjera y estructura demográfica de Galicia". *Xeografía, Revista de xeografía, territorio e medio ambiente*, nº 7, pp. 137-149.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2016): "La población extranjera de Galicia y la crisis económica". Población y espacios urbanos. Población y territorio en la encrucijada de las Ciencias Sociales. *Actas XV Congreso de la Población Española*, Publisher: Las Palmas de Gran Canaria, Servicio de Publicaciones de la Universidad, pp.215-228
- LAMELA, C.; LÓPEZ DE LERA, D., y OSO, L. (2005): "La inmigración internacional en Galicia; latinoamericanos, comunitarios y otros", en SOLÉ, C., e IZQUIERDO, A. (Coords.): *Integraciones diferenciadas. Migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, Barcelona, Anthropos, pp. 89-104.

-NELLO, O. (2007): “La tercera fase del proceso de metropolitanización en España”, en A. Artigues et al. (eds.) *Los procesos urbanos postfordistas*. Palma, Universitat de les Illes Balears y AGE, págs. 33-46

Anexo on line en: <http://www.usc.es/econo/RGE/sumarioc.htm>

Revista Galega de Economía: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm>